

Se tes unha empresa e queres contar co talento dos profesionais do futuro, a Fundación Universidade da Coruña (FUAC) é a túa solución.

Contacta connosco e poderás contar cunha gran experiencia na xestión de recursos humanos. Máis de 14.000 prácticas subscritas dende 1997 avalan o noso compromiso para facer chegar ás empresas o talento da mocidade.

PROGRAMAS DE PRÁCTICAS FUAC

A **Fundación Universidade da Coruña** (FUAC) é unha organización privada non lucrativa, que impulsa cursos, mestrados, prácticas en empresas, autoemprego e outros proxectos de carácter benéfico-docente, para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade.

Fundación Universidade da Coruña

Paseo de Ronda 47, 2º Andar
15011 A Coruña

Tlf. 981 167 000
(ext. 4362, 1006, 2367 ou 4394)

email: fundacion@udc.es

www.fundacion.udc.es



 facebook.com/fuac.udc

 [@Fundacion_UDC](https://twitter.com/Fundacion_UDC)

 linkedin.com/in/fundacionudc

 issuu.com/fundacion_udc

PRÁCTICAS FUAC

Dende 1997 unindo Universidade e empresa
Ofrecemos experiencia, seguridade e fiabilidade
na xestión de Prácticas en empresas



1

GUIÁMOSCHE COA NOSA EXPERIENCIA

A motivación da mocidade por comezar unha carreira profesional e a busca de talento das empresas son dous retos complementarios. Na Fundación Universidade da Coruña (FUAC) traballamos para conectar esas dúas realidades e acompañarche durante todo o proceso. É un dos obxectivos que asumimos dende a nosa Fundación en 1997 e o motivo polo que os nosos Programas de Prácticas se converteron en toda unha referencia en Galicia na xestión de recursos humanos.

Déixate guiar pola nosa experiencia!



2

ELIXE O TEU PROGRAMA DE PRÁCTICAS



ESTUDANTES UNIVERSITARIOS

- Duración entre 320 e 750 horas por curso.
- Mínimo 300 €/mes (4 horas) e mínimo 400 €/mes (6 horas).
- Dirixido a estudantes matriculados nalgunha Universidade española, que superasen o 50% dos créditos, e a alumnos de Doutoramento, Mestrado ou Posgrao.



TITULADOS UNIVERSITARIOS

- Duración entre 3 e 12 meses.
- Mínimo 360 €/mes (4 horas) e mínimo 600 €/mes (8 horas).
- Dirixido a titulados universitarios e de Mestrado ou Posgrao, que conseguiran o seu título nalgunha Universidade española nos últimos 3 anos.



FORMACION PROFESIONAL E ENSEÑANZAS ESPECIAIS

- Duración entre 3 e 12 meses.
- Mínimo 300 €/mes (4 horas) e mínimo de 500 €/mes (8 horas).
- Dirixido a candidatos que conseguiran a súa titulación nos últimos 3 anos.

3

INFÓRMATE

Requisitos empresa

- Posuír as instalacións, medios e recursos necesarios.
- Dispoñer dun mínimo de dous traballadores na empresa, tendo un deles a mesma titulación ou a experiencia suficiente para velar así pola formación do bolseiro.
- Completar o seu rexistro como empresa en www.fundacion.udc.es/emplea e convocar todas as ofertas de prácticas que estime oportunas.

Financiamento

A empresa financiará o custo total da Práctica. A FUAC emitirá a factura correspondente cos seguintes conceptos:

- Axuda económica bruta mensual.
- Cotas Seguridade Social para bolseiros.
- Gastos de xestión, coordinación e seguimento do Programa 12% (Socios 10%) sobre a axuda económica ao bolseiro, aos que se engadirá o IVE.

A FUAC tramitará as altas e baixas e cotizará polo bolseiro á Seguridade Social, nos termos e prazos establecidos no R.D. 1493/2011.